

I D e A S

Igualdade e Diversidade Afectivo Sexual

Certame de microrrelatos 25 de novembro Día internacional pola eliminación da violencia de xénero

Microrrelato gañador na categoría “Profesorado e persoal non docente”

Sámago de outono

Meu pai era carpinteiro, máis ben dos malos, pero carpinteiro. Unha vez tivo un encargo dun berce para unha cativa que ía nacer. Como se atopou sen madeira, lembrouse dunha cerdeira que nunca cereixas dera. Colleu as súas ferramentas e a busca foi. Mais cando chegou ao seu carón, quedou abraiado, pois non se vían as follas das cereixas que tiña. Preguntoulle á súa dona que acontecera, e ela comentoulle que cortaran un eucalipto que estaba moi preto, que non só lle daba sombra á pobre cerdeira, senón que tamén estaba afogando as súas raíces. Unha vez arrincado o eucalipto, a mellora foi instantánea, e na seguinte primavera aquela árbore converteuse nunha verdadeira postal.

Marta Penide Aller